

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Tradución idioma 1, III: Inglés-Español** | | | | |
| Materia | Tradución idioma 1, III: Inglés-Español | | | |
| Código | V01G230V01606 | | | |
| Titulación | Grao en Tradución e Interpretación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 3 | 2c |
| Lingua de impartición | Inglés | | | |
| Departamento | Tradución e lingüística | | | |
| Coordinador/a | Rodríguez Rodríguez, Beatriz María | | | |
| Profesorado | Rodríguez Rodríguez, Beatriz María | | | |
| Correo-e | brodriguez@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia será unha introdución á tradución inversa que lle permitirá ao alumnado consolidar coñecementos previamente adquiridos sobre o proceso de tradución e as estratexias e fontes de documentación das que dispoñen para afrontalo, ao tempo que lle permitirá prepararse para a tradución especializada. | | | |

| Competencias | |
|---|---|
| Código | |
| A2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. |
| C2 | Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras |
| C3 | Dominio da lingua propia, escrita e oral |
| C4 | Coñecer norma e usos das linguas de traballo |
| C8 | Destreza para a procura de información/documentación |
| C9 | Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais |
| C10 | Capacidade de traballo en equipo |
| C11 | Capacidade de deseñar e xerir proxectos |
| C17 | Capacidade de tomar decisións |
| C18 | Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica |
| C22 | Destrezas de tradución |
| C24 | Capacidade de aprendizaxe autónoma |
| C27 | Capacidade de razoamento crítico |
| C30 | Coñecemento de idiomas |
| C32 | Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade |
| D4 | Resolución de problemas |
| D6 | Capacidade de xestión da información |
| D7 | Toma de decisións |
| D9 | Razoamento crítico |
| D10 | Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade |
| D12 | Traballo en equipo |
| D16 | Adaptación a novas situacións |
| D17 | Comprensión doutras culturas e costumes |
| D19 | Iniciativa e espírito emprendedor |

| | |
|---|---|
| D22 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica |
| D23 | Capacidade de traballo individual |

## Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|
| O alumno será capaz de analizar o xénero e rexistro do texto fonte e as condicións da encomenda, o que lle permitirá manexar as estratexias de tradución máis apropiadas. | A3<br>A4 | C2<br>C3<br>C4<br>C8<br>C17<br>C18<br>C22<br>C24<br>C27<br>C30<br>C32 | D4<br>D7<br>D9<br>D22<br>D23 |
| O alumno será capaz de identificar problemas de tradución e solventalos defendendo o seu traballo. | | C2<br>C3<br>C4<br>C10<br>C17<br>C18<br>C22<br>C27 | D4<br>D6<br>D7<br>D9<br>D10<br>D16<br>D17<br>D19<br>D22<br>D23 |
| O alumno manexará as fontes de documentación existentes para a tradución español-inglés e coñecerá a situación do mercado. | A2<br>A4 | C8<br>C9<br>C27 | D6<br>D9<br>D10 |
| O alumno demostrará a súa capacidade de traballo individual e en grupo. | | C10<br>C11<br>C17<br>C27 | D9<br>D12<br>D23 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| Unidade 1. A tradución inversa. | Características da tradución inversa. Tradución e cultura. Estratexias de trasvase na tradución español-inglés. |
| Unidade 2. Fontes de documentación para a tradución español-inglés. | Fontes de documentación trad. español-inglés. O mercado laboral da tradución español-inglés (revisión informes, estatísticas, editoriais, organismos...). |
| Unidade 3. Análise da tipoloxía textual, problemas de trasvase, factores que interveñen, propostas de tradución e a súa xustificación. | 3.1. Textos instrutivos<br>3.2. Textos turísticos<br>3.3. Textos xornalísticos<br>3.4. Outros textos: Divulgativos e literarios |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Estudo previo | 0 | 10 | 10 |
| Lección maxistral | 11 | 4 | 15 |
| Actividades introdutorias | 2 | 0 | 2 |
| Seminario | 2 | 0 | 2 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 2 | 4 | 6 |
| Traballo tutelado | 12 | 4 | 16 |
| Resolución de problemas | 20 | 4 | 24 |
| Traballo | 0 | 45 | 45 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 3 | 15 | 18 |
| Proxecto | 2 | 10 | 12 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Estudo previo | Lectura e análise da bibliografía obrigatoria. |

| | |
|---|---|
| Lección maxistral | Nestas sesións introduciranse os puntos teóricos que se implementarán mediante diferentes tarefas dentro e fóra da aula para que o alumno adquira e mellore as súas competencias. |
| Actividades introdutorias | A primeira sesión presencial dedicarase a explicar os obxectivos, temario, avaliación e metodoloxía docente.<br>Uso de FAITIC. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través de FAITIC e de estar ao tanto das datas das probas e tarefas. |
| Seminario | Nas titorías en grupos permitirán o comentario ou revisión das encomendas e entregas obrigatorias. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Os aspectos teóricos exercitaranse mediante a realización de diferentes tarefas dun xeito individual e na casa. |
| Traballo tutelado | Formularanse tarefas de todo tipo en base a os obxetivos e competenciias pertinentes, o que lle permitirá ao alumno fomentar o espíritu crítico, o traballo en equipo e a súa propia aprendizaxe. |
| Resolución de problemas | En grupos ou en parellas os alumnos terán que realizar diversas tarefas para implementar os coñecementos teóricos. |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Seminario | En grupo ou individual coa intención de resolver posibles problemas ou dúbidas. |
| **Probas** | **Descrición** |
| Traballo | Os alumnos poderán revisar os traballos, consultar dúbidas nas titorías. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Resolución de problemas | Lectura obrigatoria individual (10 %). Data entrega: 10 febreiro.<br>Proxecto en grupo de tradución literaria (10 %). Data entrega: maio.<br>Novela obrigatoria (5 %). Data entrega: 26 de febreiro.<br>Todas as tarefas se entregarán en inglés. | 25 | A2<br>A3<br>A4 | C3<br>C4<br>C8<br>C10<br>C18<br>C22<br>C24<br>C30<br>C32 | D4<br>D6<br>D7<br>D9<br>D17<br>D22<br>D23 |
| Traballo | Dúas encomendas de tradución individuais cun comentario crítico tradutolóxico escrito en inglés. Data entrega primera encomenda: 5 de marzo (20 %). Data entrega segunda encomenda: 23 de abril (25 %).<br>O alumnado ten que aprobar polo menos unha das encomendas para aprobar a materia. | 45 | A2<br>A3<br>A4 | C2<br>C3<br>C4<br>C8<br>C9<br>C11<br>C17<br>C18<br>C22<br>C24<br>C27<br>C30<br>C32 | D4<br>D6<br>D7<br>D9<br>D10<br>D16<br>D17<br>D19<br>D22<br>D23 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Exame da materia que terá unha parte teórica sobre os contidos da materia (en inglés) e outra práctica. A parte práctica será unha tradución ao inglés na que o alumno xustifique en inglés as súas propostas (con dicionarios e glosarios pero sen ordenador).<br>A parte práctica valerá 7 puntos e a teórica 3. O alumno terá que aprobar cada unha das partes para superar a proba.<br>Data proba teórica: semana do 23 ao 27 de marzo na hora da clase. O alumnado que suspenda esta parte non poderá recuperala ata xullo.<br>Data proba práctica: en maio na data de exames aprobados en Xunta de Facultade (os dous grupos). | 30 | A2<br>A3<br>A4 | C3<br>C4<br>C9<br>C17<br>C18<br>C22<br>C30 | D4<br>D7<br>D9<br>D16<br>D23 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado de avaliación continua ten que entregar, en prazo e en FAITIC (e copia impresa), todas as tarefas solicitadas. A asistencia e participación nas tarefas de aula terase en conta na nota final. Se o alumno non pode seguir este sistema de avaliación a cualificación será únicamente a cualificación do exame final de maio, o que tamén se aplicará aos alumnos que

se presenten ao exame de xullo.

A data da proba da avaliación única (maio/xullo) será a fixada no calendario de exames aprobado pola Xunta de Facultade. A parte teórica versará sobre os contidos da materia e as lecturas obrigatorias establecidas en cada unidade e que estarán dispoñibles en FAITIC no cartafol correspondente (e a novela obrigatoria). O alumno terá que redactar esta parte en inglés. A parte práctica do exame final será unha tradución ao inglés dun texto que siga a tipoloxía dos contidos da materia, e un comentario crítico tradutolóxico das súas propostas de tradución (en inglés). O alumnado poderá utilizar material de consulta (dicionarios ou glosarios) agás fontes telemáticas. O alumnado terá que superar as dúas partes da proba. A teoría suporá o 30 % do exame e a práctica o 70 %. Non se mantendrán partes aprobadas para a convocatoria de xullo.

Ao alumnado que siga a avaliación continua se lles gardarán as partes superadas do exame final para a convocatoria de xullo, sempre que esté aprobada polo menos unha encomenda. Terán que repetir a parte suspensa do exame e manteranse as demais notas do curso. Se están as dúas encomendas suspensas terán que presentarse á proba única en xullo.

As datas de entrega das encomendas e a proba serán as mesmas para os dous grupos.

O alumnado escollerá a novela obrigatoria. A profesora ten que aceptala escolla. A novela ten que ser unha tradución ao inglés dunha novela escrita orixinalmente en castelán.

En todas as probas e tarefas catro erros gramaticais serios implicarán un suspenso (un 3,5/10).

Se se detecta que os traballos ou tarefas son plaxios a cualificación será 0.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novedades a través de Faitic, así como estar ao tanto das datas das probas de avaliación.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica


Beeby Londasdale, A, **Teaching Translation from Spanish to English. Worlds beyond Words.**, Otawa University Press, 1996

Campbell, S., **Translation into the Second Language**, Longman, 2014

Gentzler, E., **Contemporary Traslation Theories**, Routledge, 2001

Grossman, M. et al, **Translation into Non Mother Tongues. In Professional Practice and Training**, TÜbingen, 2000

Hatim, B & Mason, I., **The Translator as Communicator.**, Routledge, 1997

Katan, D., **Translating cultures**, segunda, St. Jerome, 2004

Dollerup, C., **"English: Axes for a Target Language". M. Grossman et al. (eds.). Translation into Non-mother Tongues. Tübingen: Stauffenburg. p. 61-70.**, 2000

Kelly, D., A. Martín, M. L. Nobs, D. Sánchez, C. Way (eds.), **La direccionalidad en Traducción e Interpretación. Perspectivas teóricas, profesionales y didácticas**, Atrio, 2003

Merino, A. e P. H. Sheeri, **Manual práctico de traducción inversa español-inglés**, sexta, Alglodidacta, 2007

Nord, C., **Translation as a Purposeful Activity. Functionalist Approaches Explained**, St Jerome, 1997

Nord, C., **Text Analysis in Translation. Theory, Methodology and Didactic Application of a Model for Translation-Oriented Text Analysis.**, Rodopi, 2005

Pokorn, Nike K, **Challenging the Traditional Axioms. Translation in a non-mother tongue**, John Benjamins, 2005

Mossop, B., **Revising and Editing for Translators**, St. Jerome, 2014


### Bibliografía Complementaria


Mamkjaer, Kirsten e Kevin Windle (eds.), **The Oxford Handbook of Translation Studies**, OUP, 2011

Venuti, L, **The Translator□s Invisibility**, Routledge, 1995

Linn, M.D., **Handbook of Dialects and Language Variation**, Academic Press, 1998

Cortés, C., J. M. Busha Gisbert, **La traducción periodística**, Universidad Castilla La Mancha, 2005


## Recomendacións

### Outros comentarios

A bibliografía completarase na clase.
O alumno debe ter unha competencia C1 na lingua inglesa.
A planificación poderá modificarse para axustarse á heteroxeneidade do alumnado.